



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCION-COMITÉ 03-05-11

Nesta primeira parte da reunión foron tratados os seguintes temas:

Informe 1º Trimestre:

Producción:

B-9	C-4 (5 prazas)	C-4 (7 prazas)	TOTAL
68.424	17.243	16.591	102.259

Situación da Plantilla (31-03-11)

TALLER		MENSUAIS		TOTAL PLANTILLA
Fixos	Eventuais	Fixos	Eventuais	
4.522	982	1.145	22	6.671

Enfermedades Profesionais.- Neste período, incrementáronse en 8 novos casos, que suman xa un Total de 133.

Accidentes con Baixa.- Neste primeiro trimestre, estamos nun índice de frecuencia con baixa do 1'57%, para un obxectivo 2011 de 1'46%.

Formación.- Preséntasenos o Plano de Formación , cofinanciado polo Fondo Social Europeo en colaboración coa Xunta de Galiza, destinado este 2011 fundamentalmente os Sectores da Automoción e Naval. No que respecta ó noso Centro, este plano, contempla 440 participantes en 50 cursos. Quedando pendente, por parte do Comité, de adoptar unha posición.

Producción mes de Xuño.- Coméntasenos que, namentres no **Sistema II** as previsións son destinar **5 días de non actividade**, pola contra, para poder facer fronte a produción prevista no **Sistema I**, ademais de habilitar os **4 sábados voluntarios e Domingos noite** deste mes, e unha apertura da Quenda de Noite de 6 Hrs para Montaxe e 7 Hrs para Ferraxe, teñen previsto:

Que a Quenda de Noite traballe o festivo 25 de Xullo e os Domingos 28 de Agosto e 4 de Setembro e crear equipas de voluntarios para traballar en tres quendas (maña, tarde e noite) os días 25, 26 e 27 de Agosto, días estes que están regulados no Calendario como de Adecuación de Xornada.

Dende a **C.I.G.**, nos preguntamos ademais de que uns traballadores/as perdamos salario por ir de ERE, e os nosos compañeiros/as de liña sexan invitados a velar os sábados non ten sentido nunha mesma fábrica. Por outro lado están os ritmos de traballo, ¿para que se incrementou a 47veh/h a Cadea da M-1 si ó final realizamos a mesma produción diaria?. No mes de Febreiro a produción da M-1 era de 1051 Veh/día, neste mes de Maio, ó reducirle 1 hora de presenza a Quenda de Noite, é de 1051 Veh/día.

Si realmente o problema está nos Provedores, ¿porqué a Dirección non retoma baixar a 45 Veh/hora, ata que os medios estean adaptados as necesidades?. A produtividade non soamente pode extraerse do principal capital que dispón unha Fábrica, o humano.



Balance dos Obxectivos 2011.- O Director, fainos un resumo, sobre a situación na que se atopan os obxectivos prioritarios:

Seguridade.-Convídanos a seguir traballando. Para a C.I.G., non basta con pedir, hai que contar coa participación dos Delegados/as de Prevención na elaboración dos plans de mellora ou incluso na propia elaboración dos postos de traballo. **Exemplo: Reparación do Baño W-17 na M-1**, que se pecha para a súa reparación, sen contar coas consecuencias para os traballadores/as con tempo limitado como é en Montaxe.

Calidade.- Inda que os resultados non son malos, comenta que necesitamos mellorar. Na C.I.G., consciente do que isto significa, entendemos que para poder mellorar estas cifras é necesario dispor de **postos equilibrados e adaptados**. Non se pode seguir utilizando o noso tempo da fatiga (13 minutos ANDON) como solución. **Exemplo: dos 647 traballadores/as que participaron na Enquisa levada a cabo pola C.I.G., ó 59% manifestou ter problemas para poder desempeñar o posto con calidade.**

Producción.- Nesta materia soamente se tivo en conta, para a súa valoración, o cambio de reparto no Sistema II. O que non revela o Director son os grandes problemas que hai nos Talleres, onde os propios Monitores poden dar fe das consecuencias dos recortes e ritmos de traballo que no conxunto dos traballadores esta afectando.

Si a Dirección quere corrixir problemas de produción, debe comezar por abrir esa mesa de diálogo para eliminar os problemas serios que temos os traballadores/as a hora de realizar a produción encomendada. A C.I.G. segue esperando.

Empleabilidade . Neste punto que trata de adaptar os postos ás persoas, o Director para sorpresa de todos mostrou que íamos ben. Para empezar a C.I.G. pide de novo o documento que utilizan para adaptar ós traballadores, para nos o que manifesta o Director nada ten que ver coa realidade, son moitos os traballadores/as que día tras día son forzados a realizar o seu traballo nun posto inadecuado.

5S Limpeza no Posto de Traballo e UEP.- Este é un novo obxectivo, ter que limpar, varrer e colocar o posto o final da xornada (reemplazándonos o Monitor), ademais de limpar a mesa, onde comas o bocadillo, e colocar a cadeira da UEP e todo nos 15 minutos..

Dende a C.I.G. xa vos avisábamos do que nos ía supor, ós traballadores/as, o habernos cambiado o Sistema de Clasificación Profesional. Pois ben, agora a Dirección pretende aplicar como unha Competencia que din que esta contemplada entre os Niveis 1 e 8,

"Respetar las reglas y consignas generales en vigor en materia de medioambiente y 5S (orden selectivo, reglas de limpieza...) Respetar las reglas específicas de los puntos".

Por parte da C.I.G. entendemos que apesares de estar contemplado nas bases do novo Sistema de Categorías asinado no último Convenio, os traballadores/as non temos porque facer NINGUNHA FUNCIÓN na liña que non estea contemplado na Gama e no Reparto.

En canto o noso tempo de bocadillo nin subir cadeiras nin tocar "balleta". Estaríamos ROUBÁNDOLLES TRABALLO a outros compañeiros de buzo distinto.

Confederación Intersindical Galega